

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA SAUDABLE

No Pazo Provincial, sendo as 12:35 horas do día 21/06/2024, reúnese a Comisión de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, baixo a presidencia de D^a. M^a **LUISA SANCHEZ MENDEZ**, sendo a súa suplente D^a. M^a **SANDRA BASTOS MIGUEZ**, e coa asistencia das seguintes deputadas/os: **D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LOPEZ, D^a M^a PILAR RAMALLO VAZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA, D^a M^a NAVA CASTRO DOMINGUEZ, D. ROBERTO JOSE ALVAREZ CARRERO, D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ, D. GREGORIO AGIS GOMEZ** en substitución de D. CARLOS GOMEZ PRADO, **D. PACO FERREIRA GONZALEZ, D^a NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ, D. GORKA GOMEZ DIAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGAN, D^a BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ E D^a. MARIA ORTEGA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA.**

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade, a acta de 24 de maio de 2024

2.-DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A "CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS FEDERADAS DE ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL PARA O ANO 2024"

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan con algún equipo ou deportista en competicións e actividades de ámbito inferior a estatal e a clubs que participan na competición de fútbol Preferente Galicia grupo sur.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 24/340.3410.489.23 do Orzamento da Deputación para o ano 2024, por un importe total de cincocentos mil (650.000,00) euros, distribuído da seguinte maneira:

Competicións de ámbito inferior ao estatal	600.000,00 €
Competicións fútbol preferente Galicia grupo Sur.....	50.000,00 €

Poderán ser beneficiarios desta convocatoria os clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídos e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, que participen en competicións e actividades de ámbito inferior a estatal e os que participen na competición de fútbol Preferente Galicia grupo sur.

As bases foron publicadas no BOPPO núm. 114 de 12 de xuño de 2024 e o o prazo de presentación de solicitudes remata o 10 de xullo.



3.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A “CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NAS MODALIDADES NÁUTICAS DE PIRAGÜSIMO, VELA E REMO QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS OFICIAIS NO ANO 2024”

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases reguladoras das subvencións destinadas a clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades de piragüismo, remo e vela que participan en competicións oficiais de calquera ámbito territorial.

A concesión das subvencións estará suxeita a dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 24/340.3410.489.22 do Orzamento da Deputación para o ano 2024 por un importe total de cincocentos mil (500.000,00) euros.

A distribución dos orzamentos por modalidades deportivas é a seguinte:

Piragüismo.....	280.000,00 €
Remo.....	145.000,00 €
Vela.....	75.000,00 €

Poderán ser beneficiarios desta convocatoria os clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídos e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, que participen en competicións oficiais de calquera ámbito territorial, nas modalidades deportivas de piragüismo, remo e vela.

As bases foron publicadas no BOPPO núm. 114 de 12 de xuño de 2024 e o o prazo de presentación de solicitudes remata o 10 de xullo.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:40 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

